

IES “CONCEPCIÓN ARENAL” FERROL

PROGRAMACIÓN DE “LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL”

CURSO 2019-20

**BACHARELATO
CURSO: 1º BACH**

1º CURSO DE BACH:

Páx.

- Obxectivos: ----- 4-5
- Contidos por Avaliacións: ----- 5-6-7
- Criterios de Avaliación: ----- 9-10-11
- Contidos Mínimos: ----- 11
- Criterios de Cualificación: ----- 13

a. Introducción e contextualización.----- 2-3.

b. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.----- 3-5-6-7.

c. Obxectivos.----- 4-5.

d. Estándares de aprendizaxe: Temporalización. Grao mínimo de consecución para superara materia. Procedementos e instrumentos de avaliación.-8-9-5-11-20.

e. Metodoloxía.----- 12

f. Materiais e recursos que se van a utilizar.----- 20

g. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.----13.

h. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensinanza e a práctica docente.—13-14-15-16.

i. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.-----16.

j. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato. *(Este apartado non afecta a esta disciplina académica).*

k. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.-----16-17.

l. Medidas de atención á diversidade.-----17

m. Elementos transversais que se traballarán ao longo do curso.-----18-19

n. Actividades complementarias e extraescolares programadas.----19.

ñ. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.----19-20.

“LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL”

1º DE BACHARELATO.

INTRODUCCIÓN

A materia de Linguaxe e Práctica Musical concíbese como unha continuación da formación musical recibida polo alumnado na etapa educativa anterior, que lle permite ampliar, desenvolver e aplicar, con autonomía e en contextos diversos, os coñecementos e as capacidades que contribúen á adquisición dunha cultura musical sólida.

Considerando que a música ten como finalidade primordial a comunicación, é necesario que o alumnado conte coas ferramentas necesarias que lle axuden a comprender e a participar do feito musical. Neste sentido, débese favorecer que o alumnado se implique activamente no proceso artístico musical. A expresión e a linguaxe musical son os dous ámbitos do coñecemento musical en torno aos que se organiza esta materia; está estruturada en cinco bloques ("Destrezas musicais", "A audición comprensiva", "A teoría musical", "A creación e a interpretación" e "As tecnoloxías aplicadas ao son"), que se deben presentar nas actividades de ensino e aprendizaxe relacionados entre si, xa que estes ámbitos se complementan e interactúan; refórzanse e desenvólvense mutuamente.

A comprensión dos elementos morfolóxicos e sintácticos da linguaxe musical contribúe a perfeccionar a capacidade de expresarse a través da interpretación e a creación do feito musical concreto, completándose así o proceso de adquisición dunha linguaxe. A súa aprendizaxe como instrumento de comunicación debe basearse, tamén, na audición comprensiva, na memoria musical, na práctica vocal, instrumental e rítmica, e na lectoescritura musical como recurso útil para fixar os conceptos lingüísticos.

A expresión musical refírese á creación e a interpretación de pezas vocais e instrumentais. A interpretación achega o alumnado a un repertorio musical amplo e variado, posibilita a adquisición de capacidades e destrezas técnicas e interpretativas, e favorece a sensibilidade auditiva e a memoria musical. A interpretación instrumental e vocal, nunha educación musical na que a práctica é o centro da acción pedagóxica, é tamén un procedemento esencial para aprender os contidos da linguaxe musical e reforzar os coñecementos adquiridos; a experiencia, que é previa á abstracción conceptual.

A creación musical explora os elementos propios da linguaxe musical, experimenta cos sons e combínaos a través da improvisación, dos arranxos e da composición. Todo isto potenciase coas tecnoloxías da información, da comunicación e da creación artística, que, postas á disposición da música, constitúen un recurso importante para indagar, obter información e comunicarse, e un medio para crear e descubrir músicas de todos os estilos e de todas as culturas.

A materia de Linguaxe e Práctica Musical debe estar orientada a espertar o interese do alumnado por participar de forma activa, informada e lúdica como oínte, intérprete ou compositor/a, tanto na súa vida educativa como na súa vida privada. O ensino da materia debe partir dos coñecementos previos, dos gustos e dos costumes musicais do alumnado, e

abordarse desde a práctica musical activa e participativa, vinculada á reflexión sobre o realizado.

Estes principios, orientados ao desenvolvemento das capacidades perceptivas e expresivas e á comprensión do feito musical, servirán de base para consolidar aprendizaxes que transcendan o contexto en que se produciron. A materia contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico.

Tal e como demostran numerosos estudos publicados, a práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música favorece a adquisición das competencias clave, procura un ensino integral e axuda na maduración do alumnado, ademais de favorecer o espírito de motivación e superación persoal.

As disciplinas musicais non só desenvolven a creatividade, a sensibilidade artística e o criterio estético; tamén axudan o alumnado, da mesma forma que o resto de materias desta etapa, a adquirir os coñecementos e habilidades para construír a súa personalidade, a traballar en equipo, desenvolver o pensamento crítico e a converterse en cidadáns e cidadás que actúen de xeito responsable e autónomo. En definitiva, a actividade musical, nas súas diversas facetas, favorece as capacidades sociais e expresivas dos alumnos e das alumnas.

COMPETENCIAS CLAVE PARA LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL DE 1º DE BACHARELATO.

Competencias: son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo serán as seguintes:

CCL: Comunicación lingüística.

CMCCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CD: Competencia dixital.

CAA: Aprender a aprender.

CSC: Competencias sociais e cívicas.

CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CCEC: Conciencia e expresións culturais.

OBXECTIVOS DE BACHARELATO QUE ESTARÁN PRESENTES NA ASIGNATURA DE LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os contidos e os estándares de aprendizaxe que a continuación se mencionan para a asignatura de Linguaxe e Práctica Musical para o curso de 1º BACH, distribuiranse ao longo das tres avaliacións que compoñen o curso académico. Para iso, o profesor iraos abordando segundo as capacidades e peculiaridades do alumnado. Distribución que se analizará e comentará nas reunións de departamento baixo supervisión da xefatura do mesmo.

RELACIÓN DE CONTIDOS POR AVALIACIÓN QUE SE DESENVOLVERÁN NA ASIGNATURA DE LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL EN BASE AOS SEUS CINCO BLOQUES TEMÁTICOS CO FIN DE LOGRAR OS OBXECTIVOS, COMPETENCIAS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE CLAVES DO CURSO DE 1º DE BACHARELATO.

CONTIDOS, COMPETENCIAS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1ª AVALIACIÓN:

- **Repaso dos contidos relacionados coa linguaxe musical de cursos anteriores.** *CCL,CMCCT,CMCCT*. ESTÁNDARES BLOQUE 1 (LPMB.1.3), 4 (LPMB.4.1, LPMB.4.3., LPMB.4.5.)
- **A voz e o aparato fonador: uso e coñecemento.** *CMCCT, CAA, CSC,CCEC*. ESTÁNDARES BLOQUE 1, BLOQUE 2 , BLOQUE 4.
- **Introdución ó análise musical: elementos que interveñen na construción dunha obra musical (melodía, ritmo, textura, timbre, harmonía, forma, xénero, tempo, dinámica, etc.)** *CCL, CCEC, CMCCT, CAA*. ESTÁNDARES BLOQUE 3
- **Ritmo: compases binarios, ternarios e cuaternarios. Pulsación e acentos. Signos que modifican a duración (ligadura, puntiño, calderón). Agóxica musical. Identificación, interpretación e transcripción.** *CMCCT, CCEC, CSC, CAA*.ESTÁNDARES BLOQUE 1 (LPMB1.3), BLOQUE 2, BLOQUE 3, BLOQUE 4 (LPMB4.1,LPMB4.3, LPMB4.5)
- **A melodía: claves de sol e de fa en cuarta. Alteracións propias e accidentais e escalas maiores e menores. Identificación, interpretación e transcripción.** *CMCCT, CSC, CAA, CCEC*. ESTÁNDARES BLOQUE 1, BLOQUE 2, BLOQUE 3 (LPMB3.2.1, LPMB3.2.2, LPMB3.2.3), BLOQUE 4 (LPMB.4.2.1., LPMB.4.4.1.).
- **Intervalos: tipos. Identificación, interpretación e transcripción.** *CMCCT, CSC, CAA*. ESTÁNDARES BLOQUE 1 (LPMB1.1.1, LPMB1.1.2., LPMB1.1.3., LPMB1.2.1., LPMB1.3.3.), BLOQUE 2 (LPMB2.2.), BLOQUE 3 (LPMB.3.2.1, LPM3.2.2., LPMB3.2.3.), BLOQUE 4 (LPMB.4.3.1, LPMB4.3.2, LPMB.4.3.3, LPMB.4.3.4., LPMB.4.3.5.).

- **Armonía: acordes maiores e menores. Identificación, interpretación e transcripción.** *CMCCT, CSC, CAA.* ESTÁNDARES BLOQUE 1 (LPMB1.1.1, LPMB1.1.2., LPMB1.1.3., LPMB1.2.1., LPMB1.3.3.), BLOQUE 2 (LPMB2.2.), BLOQUE 3 (LPMB.3.2.1, LPM3.2.2., LPMB3.2.3), BLOQUE 4 (LPMB4.2.1, LPMB.4.2.2, LPMB.4.3.1, LPMB4.3.2, LPMB.4.3.3, LPMB.4.3.4., LPMB.4.3.5.).
- **Textura: tipoloxías e identificación.** *CMCCT, CCEC.* ESTÁNDARES BLOQUE 2 (LPMB2.2), BLOQUE 3 (LPMB.3.1.2., LPMB.3.2.1, LPMB.3.2.2, LPMB.3.2.3).
- **Identificación auditiva de características musicais en distintos estilos: clásica, flamenco, músicas do mundo, jazz, rock e tradicional.** *CMCCT, CCEC, CCL.* ESTÁNDARES BLOQUE 2, BLOQUE 3.
- **Linguaxe Musical, Solfexo, interpretación instrumental e vocal de repertorio clásico e popular, atendendo ás indicacións de dinámica, expresión, agónica e articulación.** *CAA, CSC, CCEC, CMCCT, CCEC.* ESTÁNDARES BLOQUE 1, BLOQUE 4.

2ª AVALIACIÓN:

- **O fenómeno físico-armónico, o movemento ondulatorio, a serie de Fourier.** *CD, CMCCT.* ESTÁNDARES BLOQUE 5.
- **Características acústicas dos instrumentos.** *CD, CMCCT.* ESTÁNDARES BLOQUE 5.
- **A transmisión e amortiguación do son.** *CD, CMCCT.* ESTÁNDARES BLOQUE 5
- **Profundización no análise musical: identificación auditiva de obras musicais de diferentes estilos.** *CCL, CCEC, CMCCT, CAA.* ESTÁNDARES BLOQUE 2 (LPMB2.2.), ESTÁNDARES BLOQUE 3.
- **Ritmo: compases de subdivisión binaria e ternaria. Signos que modifican a duración: anacruses, notas a contratempo, grupos de valoración especial. Identificación, interpretación e transcripción.** *CMCCT, CCEC, CSC, CAA.* ESTÁNDARES BLOQUE 1 (LPMB1.3), BLOQUE 2, BLOQUE 3, BLOQUE 4 (LPMB4.1, LPMB4.3, LPMB4.5).
- **Melodía: ornamentacións, escala pentatónica. Identificación, interpretación e transcripción.** *CMCCT, CSC, CAA, CCEC.* ESTÁNDARES BLOQUE 1, BLOQUE 2, BLOQUE 3 (LPMB3.2.1, LPMB3.2.2, LPMB3.2.3), BLOQUE 4 (LPMB.4.2.1., LPMB.4.4.1.).
- **Armonía: acordes de sétima dominante e principais sistemas de cifraxo armónica. Identificación, interpretación e transcripción.** *CMCCT, CSC, CAA.* ESTÁNDARES BLOQUE 1(LPMB1.1.1, LPMB1.1.2., LPMB1.1.3., LPMB1.2.1., LPMB1.3.3.), BLOQUE 2 (LPMB2.2.), BLOQUE 3 (LPMB.3.2.1, LPM3.2.2., LPMB3.2.3), BLOQUE 4 (LPMB4.2.1, LPMB.4.2.2, LPMB.4.3.1, LPMB4.3.2, LPMB.4.3.3, LPMB.4.3.4., LPMB.4.3.5.).
- **Identificación auditiva de características musicais en distintos estilos: clásica, flamenco, músicas do mundo, jazz, rock e tradicional.** *CMCCT, CCEC, CCL.* ESTÁNDARES BLOQUE 2, BLOQUE 3.
- **Linguaxe Musical, Solfexo, interpretación instrumental e vocal de repertorio clásico e popular, atendendo ás indicacións de dinámica, expresión, agónica e**

articulación. CAA, CSC, CCEC, CMCCT, CCEC. ESTÁNDARES BLOQUE 1, BLOQUE 4.

- **Expresión corporal: danza e percusión.** CAA, CMCCT, CCEC, CD, CSC, CSIEE. ESTÁNDARES BLOQUE 1(LPMB1.3.1, LPMB1.3.2), BLOQUE 4 (LPMB.4.1.1., LPMB.4.3., LPMB.4.4.2., LPMB.4.5.).

3ª AVALIACIÓN:

- **Sinal analóxica e sinal dixital.** CAA, CD, CMCCT. ESTÁNDARES BLOQUE 5.
- **A síntese do son: mostraxe (samplers), filtros de secuencias e multipistas.** CD, CMCCT. ESTÁNDARES BLOQUE 5.
- **Hardware e software musical.** CD, CMCCT. ESTÁNDARES BLOQUE 5.
- **O uso da música con soporte electrónico en produción escénicas ou audiovisuais.** CAA, CD, CMCCT. ESTÁNDARES BLOQUE 5.
- **Ritmo: síncope e cambios de compás. Identificación, interpretación e transcripción.** CCL, CMCCT, CSC. ESTÁNDARES BLOQUE 1 (LPMB1.3), BLOQUE 2, BLOQUE 3, BLOQUE 4 (LPMB4.1, LPMB4.3, LPMB4.5).
- **Escritura e lectura melódica e harmónica.** CMCCT, CCEC, CSC, CAA. ESTÁNDARES BLOQUE 1 (LPMB1.1., LPMB1.2.1., LPMB1.3.3.), BLOQUE 4 (LPMB.4.2.1., LPMB.4.3.).
- **Melodía: escalas modais, ámbito sonoro das claves. Identificación, interpretación e transcripción.** CAA, CSC, CMCC, CCEC. ESTÁNDARES BLOQUE 1, BLOQUE 2, BLOQUE 3 (LPMB3.2.1, LPMB3.2.2, LPMB3.2.3), BLOQUE 4 (LPMB.4.2.1., LPMB.4.4.1.).
- **Armonía: acordes de sétima diminuída. Coñecemento da tonalidade, modalidade e modulación. Identificación, interpretación e transcripción.** CAA, CSC, CMCCT, CCEC. ESTÁNDARES BLOQUE 1(LPMB1.1.1, LPMB1.1.2., LPMB1.1.3., LPMB1.2.1., LPMB1.3.3.), BLOQUE 2 (LPMB2.2.), BLOQUE 3 (LPMB.3.2.1, LPM3.2.2., LPMB3.2.3), BLOQUE 4 (LPMB4.2.1, LPMB.4.2.2, LPMB.4.3.1, LPMB4.3.2, LPMB.4.3.3, LPMB.4.3.4., LPMB.4.3.5.).
- **Identificación auditiva de características musicais en distintos estilos: clásica, flamenco, músicas do mundo, jazz, rock e tradicional.** CMCCT, CCEC, CCL. ESTÁNDARES BLOQUE 2, BLOQUE 3.
- **Linguaxe Musical, Solfexo, interpretación instrumental e vocal de repertorio clásico e popular.** CAA, CSC, CCEC, CMCCT, CCEC. ESTÁNDARES BLOQUE 1, BLOQUE 4.
- **Improvisación de breves melodías e pequenas formas musicais.** CMCCT, CCEC, CSIEE, CAA, CSC. ESTÁNDARES BLOQUE 1, BLOQUE 4.
- **Práctica de sistemas de gravación analóxica ou dixital.** CAA, CD, CMCCT. ESTÁNDARES BLOQUE 5.
- **Realización de sonorizacións a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes.** CAA, CD, CMCCT. ESTÁNDARES BLOQUE 5.
- **Expresión corporal: danza e percusión.** CAA, CMCCT, CCEC, CD, CSC, CSIEE. ESTÁNDARES BLOQUE 1(LPMB1.3.1, LPMB1.3.2), BLOQUE 4 (LPMB.4.1.1., LPMB.4.3., LPMB.4.4.2., LPMB.4.5.).

IMPORTANTE: todos estos contidos estarán supeditados ao servizo dos apuntes do profesor entregados no presente curso. Estes contidos, serán avaliados ao longo do curso académico nas súas tres avaliacións ordinarias e extraordinaria de setembro, así como nas súas recuperacións a modo de preguntas, exercicios, exames orais, escritos, prácticos e diferentes traballos.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR: Co fin de ter unha nota á hora de avaliar os distintos Estándares de Aprendizaxe pertencentes a cada Contido desta programación en relación cos seus Criterios de Avaliación, o profesor utilizará as seguintes cualificacións numéricas: Insuficiente: 1, 2, 3, 4. Suficiente: 5. Ben: 6. Notable: 7 ou 8. Sobresaliente: 9 ou 10.

Cualificacións, que ademais, o cómputo e media de todas elas, por avaliación, expresarán o resultado numérico da nota final da Avaliación correspondente.

RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE SE RUBRICARÁN DENTRO DA CUALIFICACION DO ALUMNADO E QUE SE DESENVOLVERÁN INTERRELACIONADAMENTE NOS CONTIDOS DE CADA AVALIACIÓN, SEGUNDO OS ELEMENTOS DO CURRÍCULO BÁSICO ORGANIZADOS NOS CINCO BLOQUES TEMÁTICOS.

BLOQUE 1: DESTREZAS MUSICAIS.

LPMB1.1.1. Coñece os órganos e funcións do aparello fonador.

LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración, relaxación, resonancia, articulación, fraseo, valorándoos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal.

LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.

LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.

LPMB1.3.1. Interpreta instrumental ou vocalmente con toda precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás.

LPMB1.3.2. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz.

LPMB1.3.3. Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para profundar na aprendizaxe da linguaxe musical.

BLOQUE 2: AUDICIÓN COMPRENSIVA.

LPMB2.1. 1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha adecuada execución individual ou colectiva.

LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos, etc., das obras escoitadas ou interpretadas.

LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e escritura musical como apoio á audición.

LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura.

LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock, flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea.

LPMB2.2.5. Describe as características das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía adecuada.

BLOQUE 3: A TEORÍA MUSICAL.

LPMB3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.

LPMB3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.

LPMB3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes.

LPM3.2.2. Recoñece elementos básicos armónicos e formais.

LPM3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.

BLOQUE 4: A CREACIÓN E A INTERPRETACIÓN.

LPMB.4.1.1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvísas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.

LPMB.4.2.1. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical.

LPMB.4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical, capacidade expresiva.

LPMB.4.3.2. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros.

LPMB.4.3.3. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta.

LPMB.4.3.4. Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación.

LPMB.4.3.5. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.

BLOQUE 5: AS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO SON.

LPMB.5.1.1. Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicación audiovisuais.

LPMB.5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a grabación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS CONTIDOS ANTERIORMENTE EXPOSTOS EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Bloque 1. Destrezas musicais.

1. Solfexar e entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con o seu acompañamento. CMCCT, CAA, CSC, CCEC. ESTÁNDARES BLOQUE 1 (LPMB1.1.1, LPMB 1.1.2, LPMB 1.1.3)
2. Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas. CAA, CSC, CMCCT. ESTÁNDARES BLOQUE 1 (LPMB1.2.1)
3. Identificar e executar instrumental ou vocalmente estruturas e patróns rítmicos ou melódicos simultáneos dunha obra breve ou dun fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido. CMCCT, CCEC, CSC, CAA. . ESTÁNDARES BLOQUE 1 (LPMB1.3.1, LPMB1.3.2, LPMB1.3.3)

Bloque 2. A audición comprensiva.

1. Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para manter durante breves períodos de silencio. CMCCT, CSC. ESTÁNDARES BLOQUE 2 (LPMB2.1.1)
2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas. CMCCT, CCEC, CCL. ESTÁNDARES BLOQUE 2 (LPMB2.2)

Bloque 3. A teoría musical.

1. Solfexar e coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. CMCCT, CCEC, CCL. ESTÁNDARES BLOQUE 3 (LPMB3.1.1, LPMB3.1.2)
2. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical. CAA, CCEC, CMCCT, CCL. ESTÁNDARES BLOQUE 3 (LPMB3.2)

Bloque 4. A creación e a interpretación.

1. Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como conxunta. CMCCT. ESTÁNDARES BLOQUE 4 (LPMB4.1.1)
2. Solfexar e improvisar, individual ou colectivamente, breves melodías tonales ou modais, pequenas formas musicais partindo de premisas relativas a diferentes aspectos da linguaxe musical. CCEC, CSIEE. ESTÁNDARES BLOQUE 4 (LPMB4.2.1)
3. Interpretar de memoria, individual ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado, valorando as achegas do alumno e desenvolvendo o espírito crítico. CCEC, CSC, CAA, CSIEE. ESTÁNDARES BLOQUE 4(LPMB4.3)
4. Improvisar ou compor e interpretar unha breve obra musical para unha melodía dada, que necesite a participación de varios executantes e incorporar movemento coreográfico, utilizando os coñecementos musicais adquiridos. CCEC, CAA, CMCCT, CSIEE, CSC. ESTÁNDARES BLOQUE 4 (LPMB4.4)
5. Saber comportarse como espectador/a e intérprete, e controlar o medo escénico nas actuacións. CSC. ESTÁNDARES BLOQUE 4 (LPMB4.5)

Bloque 5. As tecnoloxías aplicadas ao son.

1. Realizar traballos e exercicios aplicando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías. CD, CMCCT. ESTÁNDARES BLOQUE 5 (LPMB5.1.1)
2. Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación de son. CAA, CD, CMCCT. ESTÁNDARES BLOQUE 5 (LPMB5.2.2)

CONTIDOS MÍNIMOS.

Entendendo, que a Aprendizaxe Mínima en cada contido, representa o momento do proceso no que os alumnos teñen adquirido as destrezas básicas para unha avaliación positiva na materia.

- **Linguaxe Musical, Solfexar e análise musical: elementos que interveñen na construción dunha obra musical.** ESTÁNDARES BLOQUE 3 (LPMB3.2)
- **Ritmo: compases binarios, ternarios e cuaternarios. Compases de subdivisión binaria e ternaria . Pulsación e acentos. Signos que modifican a duración. Identificación.** ESTÁNDARES BLOQUE 3 (LPMB3.1.1)
- **A melodía: clave de sol e alteracións propias e accidentais. Identificación e interpretación. Escalas maiores e menores, ornamentacións e escala pentatónica. Identificación.** ESTÁNDARES BLOQUE 1 (LPMB1.1,LPMB1.2.1) ESTÁNDARES BLOQUE 2 (LPMB2.2.1,LPMB2.2.5), ESTÁNDARES BLOQUE 3 (LPMB3.2) ESTÁNDARES BLOQUE 4(LPMB4.3)
- **Intervalos: tipos. Identificación.** ESTÁNDARES BLOQUE 2 (LPMB2.2.1, LPMB2.2.2) ESTÁNDARES BLOQUE 3 (LPMB3.2)
- **Armonía: acordes maiores, menores e de sétima dominante. Identificación.** ESTÁNDARES BLOQUE 2 (LPMB2.2.1, LPMB2.2.2), ESTÁNDARES BLOQUE 3 (LPMB3.2)
- **Textura: tipoloxías e identificación.** ESTÁNDARES BLOQUE 2 (LPMB2.2), ESTÁNDARES BLOQUE 3 (LPMB3.2)
- **Identificación auditiva de características musicais en distintos estilos: clásica, flamenco, músicas do mundo, jazz, rock e tradicional.** ESTÁNDARES BLOQUE 2 (LPMB2.2) ESTÁNDARES BLOQUE 3 (LPMB3.1, LPMB3.2)
- **Solfexo, interpretación instrumental e vocal de repertorio clásico e popular atendendo ás indicacións de dinámica, expresión, agónica e articulación. Como mínimo, se interpretarán dúas pezas por avaliación.** ESTÁNDARES BLOQUE 1, ESTÁNDARES BLOQUE 4.
- **A transmisión e amortiguación do son.** ESTÁNDARES BLOQUE 5 (LPMB 5.1.1)
- **Hardware e software musical.** ESTÁNDARES BLOQUE 5 (LPMB5.1.1, LPMB5.2.2)

METODOLOXÍA

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, este departamento elaborou unha proposta educativa metodolóxica para Linguaxe e Práctica Musical 1º BACH, na que priman os seguintes principios pedagóxicos:

ACTIVIDADE: Esixe a actividade do individuo durante a súa tarefa de aprendizaxe como requisito indispensable para a eficacia do proceso.

Esta corrente activista presupón que unha aprendizaxe pasiva non é garantía algunha do logro intelectual e que o suxeito pode e debe ter opción a actuar sobre o deseño educativo para mellorar a adaptación do mesmo ás súas características particulares.

AUTONOMÍA: Moi ligado ao anterior, é un dos fins fundamentais da nosa perspectiva educativa e indica que as autopropostas da aprendizaxe son condición da significatividade do mesmo. Traduce obxectivos como liberdade de iniciativa, capacidade de elección e responsabilidade asumida da propia conducta. Este principio coincide, basicamente, co fin primario do horizonte educativo para a etapa do bacharelato.

INDIVIDUALIZACIÓN: Recolle o recoñecemento expreso das características diferenciadoras individuais e xustifica o particular modo de maduración de cada ser humano. Ao mesmo tempo fai referencia aos estilos cognitivos e ás específicas estratexias intelectuais, persoais e sociais de cada suxeito de educación.

CREATIVIDADE: Indica o impulso da dimensión creativa do proceso educativo tanto do profesor como do alumno/a e pretende o desenvolvemento da orixinalidade e do respecto á imaxinación e á inventiva en toda actividade que se produza en situación educativa. É unha premisa de efectividade e unha garantía da riqueza propositiva na actuación escolar.

METODOLOXÍA COMUNICATIVA, INCLUSIVA, ACTIVA E PARTICIPATIVA.

Dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A adecuada selección da metodoloxía é responsabilidade do centro educativo.

APRENDIZAXE POR COMPETENCIAS.

Deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan completar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

TRABALLO COLABORATIVO E EN EQUIPO.

A acción educativa procurará a integración de distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

LECTURA ELEMENTO TRANSVERSAL.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

SOCIALIZACIÓN: Establece a finalidade social do proceso educativo, potenciando a asimilación de valores e a harmoniosa integración reflexiva de novos membros no seo da comunidade.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ao longo do curso académico, realizaranse en cada avaliación unha serie de probas ou exames (escritos ou orais) teóricos e prácticos como Linguaxe Musical e interpretacións, co fin de obter as distintas cualificacións do noso alumnado.

A nota ou puntuación final de cada avaliación será o resultado da suma das medias das notas dos exames ou probas teóricas e prácticas que se fixeran ao longo do trimestre académico, ademais da valoración do traballo feito na aula e na súa casa segundo as seguintes porcentaxes:

- **Probas ou exames escritos ou orais teóricos 40%:** puntuación máxima de 4.
- **Probas ou exames prácticos ou orais (Linguaxe Musical, Solfexo e interpretacións) 50%:** puntuación máxima de 5.
- **Traballos 10%:** puntuación máxima de 1.

Sendo desta forma o cómputo final da puntuación máxima por avaliación de **10** e o aprobado da mesma, unha puntuación igual ou superior a **5**.

- Os alumnos/as que non superen algunha das avaliacións de que consta o curso académico, realizaráselles unha proba de recuperación cando o profesor o considere oportuno.

- Os alumnos/as que superen as tres avaliacións de que consta o curso académico, aprobarán a avaliación final, sendo a súa nota a media das tres avaliacións. Se ao alumno/a lle dera a nota media na avaliación final de xuño menos de 5, realizaráselle un último exame ou proba final de suficiencia no que entrarían cuestións relacionadas con todos os contidos abordados ao longo do curso académico.

- O alumnado que non aprobe a avaliación final de xuño, realizará unha proba ou exame extraordinario no mes de setembro. Proba que constará dos contidos expostos na programación oficial do curso e que foron tratados con anterioridade ao longo do curso académico. Esta proba ou exame será avaliada cunha puntuación de 1 a 10. Sendo o aprobado da proba ou exame a puntuación igual ou superior a 5.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Para a análise do proceso de ensino e a práctica docente distinguimos catro aspectos:

- I) Motivación para a aprendizaxe: accións concretas que invitan ao alumno a aprender.
- II) Organización do momento de ensino: dar estrutura e cohesión ás diferentes secuencias do proceso de ensino-aprendizaxe
- III) Orientación do traballo dos alumnos: axuda e colaboración que se efectúa para que os alumnos logren con éxito as aprendizaxes previstas.
- IV) Seguimento do proceso de aprendizaxe; accións de comprobación mellora do proceso de aprendizaxe (ampliación, recuperación, reforzo...).

Estes catro aspectos están teóricamente diferenciados aínda que se entrecruzan na práctica. Os aspectos a avaliar entón, serán os relacionados coa planificación (deseño da programación), o desenvolvemento (información, motivación, actividades na aula, recursos e organización da aula, instrucións...) e a avaliación.

Os indicadores de logro que empregaremos son os que seguen:

PLANIFICACIÓN

1. A programación está deseñada en relación co currículo establecido no decreto 86/2015.
2. A programación está redactada cunha linguaxe clara.
3. Temporalizo os estándares de aprendizaxe trimestralmente, establecendo unha relación entre os obxectivos e as competencias clave.
4. Establezo de modo explícito os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguemento do progreso dos alumnos e comprobar o grao de consecución dos estándares e competencias.
5. Realizo a planificación con cada grupo tendo en conta a programación da materia.
6. Selecciono e secuencio os contidos da Programación de aula cunha distribución e unha progresión adecuada ás características de cada grupo de alumnos.
7. Adopto estratexias e programo actividades en función dos obxectivos didácticos, en función dos distintos tipos de contidos e en función das características dos alumnos.
8. Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos (persoais, materiais, de tempo, de espazo, de agrupamentos...) axustados á programación didáctica e, sobre todo, axustando sempre, o máis posible ás necesidades e intereses dos alumnos.
9. Teño previstas as actividades de recuperación para o alumnado que non acadou os obxectivos.
10. Teño en conta a diversidade á hora de facer a programación.
11. A programación concreta os elementos transversais a traballar en cada curso.
12. A programación establece de modo explícito actividades complementarias e extraescolares.
13. Planifico a miña actividade de modo coordinado co profesorado do departamento.
14. Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (xa sea por nivel ou departamentos).

DESENVOLVEMENTO

Información:

1. Informo aos alumnos dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.
2. Informo ás familias mediante o Titor dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.

Motivación inicial dos alumnos:

3. Presento ou propono un plan de traballo, explicando a súa finalidade, antes de cada unidade.
4. Plantexo situacións introdutorias previas ao tema que se vai tratar (traballos, diálogos, lecturas...)

Motivación ao longo de todo o proceso

5. Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.
6. Comunico a finalidade das aprendizaxes, a súa importancia, funcionalidade, aplicación real...
7. Dou información dos progresos conseguidos así como das dificultades atopadas. Presentación dos contidos (conceptos, procedementos e actitudes).
8. Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos.
9. Estruturo e organizo os contidos dando una visión xeral de cada tema (qué teñen que aprender, qué é importante, ...).
10. Facilito a adquisición de novos contidos a través dos pasos necesarios, intercalando preguntas aclaratorias, sintetizando, exemplificando, ...

Actividades na aula:

11. Plantexo actividades que aseguran a adquisición dos estándares previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.
12. Propoño aos meus alumnos actividades variadas (de diagnóstico, de introducción, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recuperación, de ampliación e de avaliación).
13. Proporciono información ao alumnado sobre a execución das tarefas e cómo melloralas.
14. No caso de que os logros acadados polo alumnado sexan insuficientes, propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.
15. No caso de que os logros sexan acadados nun breve período de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grado de adquisición.
16. Propoño actividades que possibiliten acadar distintos graos de execución.
17. Teño en consideración as indicacións do departamento de orientación no caso de ter que adoptar medidas co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
18. Nas actividades que propoño existe equilibrio entre as actividades individuais e traballos en grupo.
19. Á hora de constituir grupos reducidos, teño en conta os seguintes criterios: niveis homoxéneos ou heteroxéneos, a sorteo...
20. Á hora de realizar actividades teño en conta as dinámicas cooperativas.

Recursos e organización da aula:

21. Reparto o tempo adecuadamente: (breve tempo de exposición e o resto del mesmo para as actividades que os alumnos realizan na aula).
22. Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar... etc, procurando sempre un adecuado clima de traballo.
23. Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.

Instruccións, aclaracións e orientacións ás tarefas dos alumnos:

24. Comprobo, de diferentes modos, que los alumnos comprenden a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso, ...
25. Facilito estratexias de aprendizaxe: cómo solicitar axuda, cómo buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, os animo e me aseguro da participación de todos....

Clima da aula:

26. As relacións que establezo cos meus alumnos dentro da aula e as que éstos establecen entre sí son correctas, fluidas e dende unhas perspectivas non discriminatorias.
27. Favorezo a elaboración de normas de convivencia coa aportación de todos e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflictivas.
28. Fomento o respecto e a colaboración entre los alumnos e acepto as súas suxerencias e aportacións, tanto para a organización das clases como para as actividades de aprendizaxe.
29. Proporciono situacións que facilitan aos alumnos o desenvolvemento da afectividade como parte da súa Educación Integral.

Seguimento/ control do proceso de ensino-aprendizaxe:

30. Reviso e corrijo frecuentemente os contidos, actividades propostas (dentro e fóra del aula, adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais empregados).
31. Proporciono información ao alumno sobre a execución das tarefas e cómo pode melloralas e favorezo procesos de autoavaliación e coavaliación.

Diversidade:

32. Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos, os seus ritmos de aprendizaxes, as posibilidades de atención, etc, e en función deles, adapto os distintos momentos do proceso de ensino-aprendizaxe (motivación, contidos, actividades, ...).

33. Coordínome con outros profesionais (profesores de apoio, equipo de Orientación Educativa e Psicopedagóxica, Departamentos de Orientación), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos... aos diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.

AVALIACIÓN

1. Participo activamente nas sesións de avaliación, á hora de tomar decisión no tocante a: promoción do alumnado, adopción de medidas de atención á diversidade...

2. Teño en conta o procedemento xeral de avaliación en relación co establecido na programación.

3. Realizo unha avaliación inicial ao comezo do curso.

4. Establezo criterios obxectivos para avaliar a aprendizaxe do alumno.

5. Ao avaliar unha actividade en equipo, ademais da cualificación global, cada membro do grupo obtén outra individual que é o reflexo da súa contribución persoal.

6. Utilizo diferentes rexistros de recollida de datos: listas de cotexo, guía de observación, diarios, probas...

7. Empleo diferentes procedementos e instrumentos de avaliación: coherentes cos estándares de aprendizaxe, adaptados á diversidade dos alumnos, diferentes segundo os contidos traballados...

8. Empleo a autoavaliación do alumnado.

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

No caso de materia pendente para setembro: os requisitos para aprobar serán a realización dun exame no que o alumno/a deberá amosar o coñecemento adquirido no repaso do curso. O exame se avaliará de 1 a 10. Sendo o aprobado a puntuación igual ou superior a 5.

As familias estarán informadas dos resultados obtidos, mediante o contacto directo, en todo momento, do profesor da asignatura co Titor docente do alumno/a.

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Avaliación inicial

Ao alumnado de Linguaxe e Práctica Musical 1º BACH, faráselle ao comezo do curso unha proba de avaliación inicial que permitirá coñecer o seu grao de madurez, a súa motricidade fina, o grao de expresión musical e comprensión desenvolvido e a consecución dos obxectivos na etapa e cursos anteriores.

Os resultados das probas e/ou das observacións directas na aula, determinarán se é preciso paliar determinadas deficiencias e retomar e afianzar conceptos clave a nivel individual ou grupal. Nesta liña, deseñaríamos un programa de repaso con actividades tanto de reforzo como de ampliación, estas últimas para aqueles alumnos que sí acadaron resultados satisfactorios nas probas.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de plantexar as medidas de atención á diversidade recabarase información sobre cada grupo de alumnos:

- Número de alumnos e alumnas.
- Funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- Fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- Necesidades que se poidan identificar; cómo se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguemento da eficacia de medidas, etc.).
- Aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos y ás alumnas para os traballos cooperativos.
- Tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter resultados satisfactorios do grupo.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non so coñecemento acerca do grupo como conxunto, senon que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partires dela pódense identificar aos alumnos/as que necesitan un maior seguemento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

A programación establece uns niveis mínimos aos que todos os alumnos deberán chegar ao remate de cada curso, presentando oportunidades para recuperar o non adquirido no seu momento e tres niveis de aprendizaxe susceptibles de ser modificados segundo a necesidades individuais de cada alumno:

Xeral

Para alumnos con dificultades.

Para alumnos con maior capacidade de asimilación e destrezas interpretativas.

As propostas de traballo no nivel xeral teñen tres enfoques:

Actividades de análise (busca información, estuda e observa referentes).

Actividades de desenvolvemento (traballa a expresión musical atendendo a aspectos interpretativos).

Actividades de recuperación (poderá acadar os obxectivos mínimos que non logrou nas anteriores).

Para aqueles alumnos con dificultades para acadar os obxectivos mínimos, estarán as actividades de reforzo.

Pola contra, os alumnos avantaxados poderán enriquecer a súa formación con novas propostas ofertadas en actividades de ampliación.

No caso de alumnos sen posibilidade de acadar os obxectivos mínimos existe a posibilidade de realizar unha adaptación curricular.

As familias estarán informadas dos resultados obtidos, mediante o contacto directo, en todo momento, do profesor da asignatura co Titor docente do alumno/a.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

O currículo oficial reconece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Debe ser suficientemente flexible para recoller as novas necesidades formativas características dunha sociedade plural en permanente cambio. Polo tanto, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das materias, o atravesan e o impregnan. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas transversais.

A LOMCE, no artigo 24.6 establece que, sen prexuízo do seu tratamento educativo específico nalgunhas das materias de etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional se traballarán en todas as materias.

- Para o traballo da **Comprensión lectora** empregaremos biografías de compositores, comentarios e artigos de libros, xornais e revistas, así como calquera información relacionada co tema utilizando a rede informática Internet.

- Para a **Expresión oral e escrita** intentarase que o alumnado sexa quen de expresar de forma escrita e oral aquilo que realiza de forma interpretativa musicalmente ou ben realizar a análise dunha obra de arte musical.

- A **Comunicación audiovisual** encaixa perfectamente na análise das mensaxes visuais e audiovisuais (publicidade, visionado, gravacións, etc...).

En canto ás **TIC**, fomentaremos a autonomía e a colaboración na busca de información a través de Internet o emprego de materiais interactivos e outros recursos dispoñibles na rede no proceso ensino aprendizaxe (visitas virtuais a concertos, teatros, musicais, para a análise das obras de arte, por exemplo) e o emprego do soporte informático na elaboración e presentación dos traballos do alumnado, ademais de inicialos no manexo de programas e aplicacións específicas de edición de partituras (Encore, Finale, etc...).

- A convivencia na aula e os traballos en equipo, favorecerán a **educación cívica e constitucional**.

- Ademais, intentaremos introducir tódolos contidos comúns-transversais no desenvolvemento das competencias clave, nos diferentes bloques de contido de todos os cursos, orientándoos cara unhas actitudes concretas:

- **Fomentar a tolerancia intelectual** para aceptar e estar abertos a outras, opinións, interpretacións e puntos de vista diferentes dos propios.

- Propugnar unha actitude de rexeitamento ante mensaxes que denotan unha discriminación sexual, racial, social etc.

- Fomentar o emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para mellorar a cultura plásticovisual e para expresar, de forma persoal e creativa, vivencias e emocións.

- Aprender a disfrutar do tempo de lecer dun xeito persoal e enriquecedor.

- Convidar á utilización creativa de recursos materiais variados do entorno, tanto convencionais como non convencionais.

- **Educación Ambiental.** O coñecemento da contorna e a súa implicación nel a través das manifestacións musicais. A potenciación das relacións humanas, respecto mutuo, tanto das persoas como das producións sonoras.

O estudo da contaminación acústica e do nivel de ruídos, etc.... a través de debates, gravacións de son urbanos, estudo da lexislación sobre permisividade de ruídos e contaminación acústica na UE.

- **Educación para a Saúde.** O corpo hai que enténdelo como algo que hai que coidar e respectar. No área de Música trátase este tema de xeito especial a través da educación psicomotriz co ritmo e a danza, o coidado do aparello fonador coa educación da voz, o oído e o control da respiración. A educación musical contribúe tamén a manter o equilibrio psicofísico.

- **Educación para a Igualdade dos Sexos.** A participación nas actividades da aula favorece a integración e a igualdade así como o respecto entre todos ao manifestarse artisticamente.

Existe ademais unha igualdade no reparto de tarefas e responsabilidades. As habilidades e destrezas non vén condicionadas nunca polo sexo.

- **Educación do Consumidor.** Nesta área conséguese o desenvolvemento da capacidade crítica ante as producións musicais, fronte á publicidade das multinacionais do disco e o ter un criterio propio para valorar a música e discernir entre as ofertas de concertos e discos. Ademais o currículo desta materia está destinado, en gran parte, a educar a sensibilidade cara a músicas que non son aceptadas habitualmente polo alumnado, evitando así a manipulación da sociedade de consumo.

- **Educación para a Paz.** Ao longo das Unidades Didácticas trátase nos contidos actitudinais de xeito insistente no respecto ás persoas e ao grupo, e a convivencia nas actividades.

A educación musical ademais, favorece o desenvolvemento da sensibilidade que facilita as relacións humanas. O coñecemento da música de todos os países e cultural é un medio de acercarse a eses pobos e favorecer as relacións entre todos os homes e mulleres.

- **Educación vial.** Se sé educa na convivencia e o respecto, como se fai nesta área, conseguirase que non sexan transgredidas as normas de tráfico.

A educación psicomotriz serve, entre outras cousas, para saber situarse no espazo e no tempo e iso favorece o desprazarse máis correctamente. A conciencia sobre a contaminación acústica axuda a evitar os ruídos innecesarios no tráfico.

- **Educación Moral e Cívica.** É necesaria para facer unha sociedade máis xusta e solidaria. A educación non consiste só en adquirir coñecementos, senón en facer persoas completas o que se logra a través do desenvolvemento de todo tipo de capacidades, a través dos procedementos e actitudes.

A educación musical contribúe a desenvolver actitudes como: o respecto, a solidariedade, a sensibilidade, a orde, o silencio, a alegría equilibrada e en xeral todo tipo de hábitos que favorecen a paz, a convivencia e o equilibrio persoal.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

As actividades complementarias extraescolares que este departamento pretende realizar son: Asistencia a concertos ou actividades musicais en teatros, auditorios, centros culturais, museos e conservatorios. Así como colaborar, na organización dun acto musical no propio centro escolar.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Durante o curso, a programación será sometida a continuas revisións por parte do profesorado do departamento.

A fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso, cada fin de trimestre recolleremos as valoracións acerca da planificación e do desenvolvemento da programación.

Este será un exemplo da folla, onde aparecen os indicadores de logro en relación cos graos de consecución [1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre)] e un apartado onde recoller, se fóra o caso, as distintas propostas de mellora.

Unha vez recabada a información sobre o grao de desenvolvemento da Programación e as posibles modificacións realizadas á mesma, quedarán debidamente recollidas nas Actas de reunión do Departamento e máis tarde no documento da Memoria de fin de curso.

Ao finalizar cada unidade didáctica o docente reflexionará sobre unha serie de cuestión que lle permitirán avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. Do mesmo xeito reflexionará ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

Aspectos a avaliar:

Temporalización das unidades didácticas.
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos.
Manexo dos contidos da unidade.
Realización de tarefas.
Estratexias metodolóxicas seleccionadas.
Recursos.
Claridade nos criterios de avaliación.
Uso de diversas ferramentas de avaliación.
Atención á diversidade.
Interdisciplinariade.

LIBRO DE TEXTO: Apuntes do profesor.

PLAN LECTOR

O plan lector desenvolverase na aula lendo biografías de compositores, comentarios e artigos de libros, xornais e revistas, así como calquera información relacionada co tema utilizando a rede informática Internet.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Os Instrumentos de Avaliación serán:

- Puntuacións de Traballos. Tamén se entende como traballo o caderno de clase do alumno/a.
- Probas ou Exames puntuais.
- Probas ou Exames trimestrais.
- Probas ou Exames escritos.
- Probas ou Exames orais.
- Probas de audicións.
- Probas ou Exames prácticos. Enténdense tamén como Probas ou Exames prácticos, as Probas ou Exames de interpretación vocal ou instrumental.

MATERIAL E RECURSOS

Os medios con que conta o Departamento de Música para a consecución dos seus fins didácticos son os seguintes:

- Un equipo de formado por tocadiscos, dobre pletina, sintonizador e compact disc. Televisión e DVD.
- Cóntase tamén cunha colección de CDs dos principais compositores da Historia da Música. Existe tamén outra en discos de vinilo.
- No aula hai un piano, un órgano clavinova e un equipo de instrumentos de expresión dinámica (instrumental Orff), o que permite unha mellor explicación sobre temas referentes á linguaxe musical.
- Pizarra pautada, Libros de texto, Ordenador, Enciclopedia da Historia da Música e láminas das distintas familias dos instrumentos musicais.